



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza

IX GALA DO DEPORTE MECO

Como nos anteriores anos, e co obxecto de premiar aos deportistas máis destacados da nosa vila, durante esta tempada pasada 2011/12, o Ilmo. Concello do Grove, celebrará o vindeiro día 14 de abril na Casa da Cultura ás 20:30 horas á IX Gala do Deporte Meco.

Solicitamos a tódolos clubs, entidades deportivas, persoas físicas e outras entidades que envíen as súas propostas ata o 3 de abril ás 14:00 horas.

As propostas deberán presentarse no concello por rexistro, debidamente argumentadas e co maior número de datos posibles, que fagan referencia exclusivamente aos méritos da tempada pasada.

BASES- CONVOCATORIA

1. Na presente convocatoria dos premios ao deporte meco tan só se valorarán os resultados e méritos obtidos durante a tempada 2011/12, non a traxectoria deportiva de deportistas ou equipos.
2. A selección de persoas e entidades que se premiarán corresponderá á Comisión formada para tal fin polo Sr. Concelleiro de Deportes xunto cos clubs inscritos no REDIM e, en caso de empate, periodistas deportivos da zona. Cada club unha vez pechado o prazo de entrega de propostas o día 3 de abril terá un prazo de 3 días (ata o 6 de abril ás 12:00) para nomear os seus favoritos en cada apartado. As propostas serán enviadas por correo electrónico a tódolos clubs o mesmo día 3. Os clubs poderán reenviar as súas propostas por este mesmo medio ou polo que eles consideren máis oportuno.
3. A comisión actuará baseándose nas propostas formuladas por clubs deportivos, persoas físicas e outras entidades, e podendo a comisión facer cantas investigacións e consultas crea convenientes para recadar información sobre as candidaturas recibidas.
4. Os premios e recoñecementos que se outorguen axustaranse aos seguintes epígrafes:
 - MELLOR DEPORTISTA MASCULINO DE ELITE, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN (relevancia nacional e internacional).
 - MELLOR DEPORTISTA MASCULINO *AMATEUR*, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN.



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza

- MELLOR DEPORTISTA FEMININA ELITE, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN (relevancia nacional e internacional).
- MELLOR DEPORTISTA FEMININA AMATEUR, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN.
- MELLOR PROMESA MASCULINA.
- MELLOR PROMESA FEMININA.
- MELLOR CLUB.
- MENCIÓN AO DEPORTE ALTERNATIVO OU MINORITARIO.
- MENCIÓN A UNHA VIDA ADICADA AO DEPORTE.
- MELLOR ADESTRADOR.
- MENCIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO.
- MENCIÓN AO CLUB POLO TRABALLO COA BASE.
- MENCIÓN AO MEDIO DE COMUNICACIÓN.
- MENCIÓN AO PATROCINADOR.
- MELLOR EVENTO DEPORTIVO.

Os finalistas en cada modalidade subirán ao escenario e recibirán un diploma acreditativo. A continuación procederase á entrega do premio ao gañador.

5. O Ilmo. Concello do Grove poderá outorgar premios ou distincións con carácter extraordinario, nos distintos apartados, se o considera oportuno.
6. A listaxe de nomeados farase pública como mínimo unha semana antes da celebración da gala.
7. O acto de entrega de premios celebrarase o 14 de abril de 2013.
8. Ao acto de entrega convidarase a representantes da corporación municipal, autoridades deportivas, deportistas e clubs galardoados, ás entidades deportivas que realizaran as propostas e aos medios de comunicación.
9. Os mellores deportistas locais teñen que estar empadroados no concello do Grove, aínda que non compitan por clubs locais.
10. Son mellores Promesas os de categoría inferior a sénior no 2012.



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza

11. Haberá 3 finalistas por categoría.
12. A proposta das propias entidades (ata o día 9), entregaranse diplomas aos logros deportivos máis relevantes, dos equipos locais, durante a tempada 2011/12.